

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

17605 *Real decreto 1463/2018, do 21 de decembro, polo que se desenvolven as obrigacións do servizo público de noticias de titularidade estatal encomendado á Axencia EFE, S.M.E., S.A.U., e a súa compensación económica.*

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establece, na súa disposición adicional quincuaxésimo terceira, os piares básicos do réxime que regulará o servizo público de noticias de titularidade estatal, encomendado á Axencia EFE, S.M.E., S.A.U. (Axencia EFE).

O presente real decreto desenvolve a citada disposición adicional, que se aprobou co obxecto de adaptar o vixente réxime de financiamento do servizo público de noticias de titularidade estatal prestado pola Axencia EFE ás exixencias do artigo 106 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, de conformidade coa Decisión da Comisión Europea do 9 de decembro de 2016. A adaptación, suxeita a reserva de lei en virtude do disposto no artigo 128.2 da Constitución española, exige regular os requisitos básicos deste servizo público e definir a súa función e o método para o cálculo das modalidades de compensación con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

Con este propósito, recoñece que se trata dun servizo de interese económico xeral (SIEX) e encomenda expresamente a súa prestación á Axencia EFE, ao tempo que define o conxunto de actividades incluídas na dita función de servizo público e establece a súa forma de compensación.

O real decreto comprende oito artigos estruturados en tres capítulos, catro disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

O capítulo I, sobre disposicións xerais, define o obxecto e o ámbito subxectivo de aplicación do real decreto, constituído pola Axencia EFE.

No capítulo II, sobre as obrigacións de servizo público e réxime económico, establécese que o cumprimento das obrigacións comprendidas no servizo público de noticias de titularidade estatal se efectuará mediante a prestación dos servizos informativos á Administración xeral do Estado nos termos establecidos polos sucesivos marcos bienais que acordará o Consello de Ministros por proposta da persoa titular do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade.

Nos marcos bienais determinaranse os obxectivos específicos da Axencia EFE durante cada período de vixencia, as modalidades de prestación do servizo público de noticias, os límites máximos da compensación económica correspondente e os incentivos de eficiencia. As compensacións polo cumprimento das obrigacións de servizo público consignaranse nos orzamentos xerais do Estado, terán carácter anual e calcularanse segundo o método do custo evitado neto, establecido no anexo do real decreto; o devandito custo evitado neto constituirá a diferenza entre o custo neto da Axencia EFE ao operar con obrigacións de servizo público e o custo neto baixo a hipótese de contraste de operar nas ditas obrigacións.

Este anexo tamén establecerá a metodoloxía para a determinación do beneficio razoable e o axuste por incentivos de eficiencia. Finalmente, este capítulo refírese ás normas de contabilidade e auditoría que deberán ser aplicadas ás contas anuais da Axencia EFE, o que implica que o sistema de contabilidade analítica deberá documentalo e aprobalo a Comisión de Control e Seguimento, logo de informe da Intervención Xeral da Administración do Estado, con carácter previo ao inicio da vixencia de cada marco bienal.

O capítulo III regula o órgano e os mecanismos de control das obrigacións do servizo público de noticias de titularidade estatal. A Comisión de Control e Seguimento é un órgano colexiado presidido polo secretario de Estado de Comunicación e integrado por dous representantes do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade e da Secretaría de Estado de Comunicación e dous representantes do Ministerio de Facenda. Entre as súas funcións destaca a avaliación das obrigacións de servizo público e dos obxectivos establecidos no marco de prestación, a proposición de medidas de corrección das desviacións apreciadas e para o incremento da eficiencia, a aprobación da liquidación definitiva da compensación económica, a aprobación do manual de contabilidade analítica, a resolución das controversias que poidan xurdir respecto á determinación da dita compensación económica ou a designación da entidade auditora independente.

O presente real decreto adécuase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, respectáronse os principios de necesidade, eficacia, eficiencia e proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible e co rango necesario para a consecución dos obxectivos previamente mencionados, sen incremento de gasto público e sen restrinxir dereitos dos cidadáns nin impoñerlles obrigacións directas de ningún tipo. Canto ao principio de transparencia e malia que o Consello de Ministros acordou a súa tramitación urxente, o proxecto normativo foi sometido a consulta pública previa e aos trámites de audiencia e información pública. Así mesmo, o proxecto foi publicado no Portal da Transparencia, xunto coa súa memoria da análise de impacto normativo, no momento en que se solicitou o ditame preceptivo do Consello de Estado.

Este real decreto apróbase ao abeiro do disposto nos números 13 e 18 do artigo 149.1 da Constitución española, que atribúen ao Estado, respectivamente, a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Este real decreto dítase en exercicio da habilitación legal contida na disposición adicional quincuaxésimo terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, e da ministra de Facenda, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de decembro de 2018,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto establecer as obrigacións asociadas á función de servizo público de noticias de titularidade estatal e a metodoloxía para determinar a correspondente compensación, en desenvolvemento da disposición adicional quincuaxésimo terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Artigo 2. *Ámbito subxectivo de aplicación.*

O previsto neste real decreto resulta de aplicación á Axencia EFE, S.M.E., S.A.U (en diante, Axencia EFE).

CAPÍTULO II

Obrigacións de servizo público e réxime económico*Artigo 3. Obrigacións de servizo público.*

O servizo público de noticias de titularidade estatal, encomendado á Axencia EFE, comprende as seguintes obrigacións de servizo público, as cales serán especificadas, tanto na súa definición como na fixación de indicadores relativos ao seu cumprimento, nos sucesivos marcos de prestación do servizo público de noticias de titularidade estatal a que se refire o artigo 6:

- a) Garantir unha cobertura completa e obxectiva das necesidades de información da sociedade española e contribuír a unha sociedade española informada, difundindo a súa identidade e a súa diversidade cultural.
- b) Asegurar a cobertura informativa adecuada de eventos e acontecementos de especial interese para España, así como a súa difusión aos medios de comunicación social nacionais e estranxeiros. En particular, deberá realizar a cobertura informativa e gráfica das actividades e viaxes da Familia Real, a Xefatura do Estado, membros do Goberno, Cortes Xerais, Poder Xudicial e demais institucións e órganos do Estado.
- c) A prestación de servizos informativos á Administración xeral do Estado, nos termos establecidos no marco de prestación do servizo a que se refire o artigo 6.
- d) Favorecer o intercambio informativo dentro do territorio nacional e contribuír ao equilibrio informativo territorial de España, mediante unha presenza e cobertura informativa en todas as comunidades e cidades autónomas.
- e) Favorecer o intercambio informativo entre España e o resto do mundo e garantir a presenza informativa de España no exterior, en particular cos países da Unión Europea, Comunidade Iberoamericana, Estados Unidos de Norteamérica, países do Magreb e do Norte de África e Asia. Para tal fin, a Axencia EFE deberá elaborar información tanto en español como noutros idiomas, para asegurar a súa máis ampla difusión.
- f) Garantir un servizo de documentación informativa en soporte textual, gráfico e multimedia, para facilitar a súa consulta en liña, preservando os dereitos de autor que recolle a lexislación vixente.

Artigo 4. Compensación económica por servizo público.

1. A compensación polo cumprimento das obrigacións de servizo público establecidas no artigo 3 consignarase nos orzamentos xerais do Estado. Esta compensación terá carácter anual e calcularase segundo o método establecido no anexo e o seu importe non poderá superar o límite máximo que se estableza no Marco de prestación do servizo a que se refire o artigo 6.

2. Os orzamentos xerais do Estado de cada exercicio recollerán, en aplicacións orzamentarias separadas, por unha parte, o importe destinado a ser aboado á Axencia EFE en concepto de entrega da compensación do devandito exercicio, á conta da liquidación definitiva e, por outra, a estimación do importe que se destinaría, se for o caso, a facer fronte ás liquidacións de exercicios anteriores.

3. O Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade aboará á Axencia EFE por doceavas partes o importe do crédito orzamentario dotado especificamente en cada exercicio para facer fronte á entrega á conta da liquidación definitiva. A diferenza entre a liquidación definitiva e as entregas á conta aboarase con cargo á súa dotación orzamentaria específica e sen superar o límite máximo a que se refire o artigo 6.

Artigo 5. Liquidación e pagamento da compensación.

1. A Axencia EFE, unha vez aprobadas as contas anuais e antes do 31 de xullo do exercicio seguinte a que corresponda a compensación, remitirá á entidade auditora prevista na letra i) do artigo 8.2, a través da Comisión de Control e Seguimento prevista no artigo 8,

unha proposta de liquidación, así como as contas anuais, o informe de auditoría e o informe de xestión. Así mesmo, xuntarase detalle dos ingresos e gastos correspondentes ao servizo público encomendado xunto cos criterios de imputación de ingresos e gastos, que se recollerán no sistema de contabilidade analítica aprobado pola Comisión de Control e Seguimento. Indicaranse, con especial detalle, a xustificación das eventuais desviacións apreciadas na execución das obrigacións de servizo público impostas e a documentación xustificativa da aplicación do incentivo de eficiencia previsto na metodoloxía.

2. Unha entidade auditora designada pola Comisión de Control e Seguimento elaborará, no prazo de tres meses, un informe sobre a proposta de liquidación. En particular, o informe analizará se a dita proposta é coherente cos resultados da contabilidade analítica da Axencia EFE e a metodoloxía de cálculo do custo evitado neto incorporada no anexo.

3. Unha vez que a entidade auditora mencionada no número anterior emita o informe de auditoría, a Comisión de Control e Seguimento deberá proceder, no prazo dun mes, á aprobación da liquidación definitiva, que servirá de base para determinar o importe que a Administración xeral do Estado deberá aboar á Axencia EFE polos servizos prestados.

4. A liquidación definitiva da compensación non poderá aprobarse por un importe distinto do que resulte do informe de auditoría, dentro dos límites do gasto máximo autorizado no marco para cada exercicio.

5. Se o importe das entregas á conta efectuadas polo Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade á Axencia EFE supera o resultante da liquidación definitiva aprobada, o exceso será compensado nas entregas á conta que se realicen no seguinte marco de prestación do servizo público. No suposto de que non se adopte un novo marco un ano despois da finalización do anterior e no prazo dun mes, o exceso deberá ser reintegrado pola Axencia EFE na conta do Tesouro Público que corresponda.

6. Se o importe das entregas á conta efectuadas polo Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade resulta inferior ao importe fixado na liquidación definitiva, a Administración xeral do Estado aboará a diferenza até o límite do gasto máximo autorizado no seguinte pagamento das entregas á conta.

Artigo 6. *Marco de prestación do servizo público de noticias de titularidade estatal.*

1. O Goberno, por Acordo do Consello de Ministros por proposta da persoa titular do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, adoptará sucesivos marcos bienais de prestación do servizo público encomendado para determinar:

- a) Os obxectivos específicos da Axencia EFE, durante a vixencia de cada marco de prestación, para contribuír a un máis eficaz cumprimento das obrigacións de servizo público establecidas no artigo 3.
- b) As modalidades de prestación do servizo público de noticias de titularidade estatal aos diferentes órganos que integran a Administración xeral do Estado.
- c) Os límites máximos da compensación a que se refire o artigo 4.
- d) Os incentivos de eficiencia para o período correspondente.

2. En caso de que ao longo do exercicio se produzan circunstancias sobrevidas e inaprazables que impidan á Axencia EFE cumprir cos obxectivos de servizo público recollidos neste real decreto e non se dispoña dos fondos necesarios para afrontalos, a Comisión de Control e Seguimento reunirse extraordinariamente e, logo do informe xustificativo por parte da Axencia EFE, sobre o que se debe pronunciar previamente o Ministerio de Facenda, procederá, se for o caso, a propor unha nova contía como compensación ao servizo público que, se for o caso, será aprobada polo Consello de Ministros mediante a modificación do marco bienal, logo do informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

3. Cada marco bienal quedará automaticamente prorrogado ao seu vencemento até a adopción do seguinte marco, nas condicións aplicables ao último dos seus exercicios.

Artigo 7. Contabilidade e auditoría.

1. A Axencia EFE deberá contar cun sistema de contabilidade analítica que permita presentar contas separadas das actividades sometidas a obrigacións de servizo público e do resto de actividades que realice, de acordo co establecido no artigo 9.1 da Lei 4/2007, do 3 de abril, de transparencia das relacións financeiras entre as administracións públicas e as empresas públicas, e de transparencia financeira de determinadas empresas. O sistema de contabilidade analítica deberá documentarse e ser aprobado pola Comisión de Control e Seguimento, logo de informe da Intervención Xeral da Administración do Estado, con carácter previo ao inicio da vixencia de cada marco bienal.

2. A entidade auditora designada, conforme o número terceiro da disposición adicional quincuaxésimo terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, auditará anualmente a aplicación da metodoloxía de cálculo do custo evitado neto con base nos sistemas de contabilidade da Axencia EFE, tanto analítica como financeira, para efectos de determinar que a proposta de liquidación se axusta á realidade contable e non resulta excesiva. Os incumprimentos que, de ser o caso, se poñan de manifesto no informe de auditoría producirán efectos na liquidación definitiva do exercicio correspondente.

3. Para estes efectos, a Axencia EFE deberá prestar a total colaboración coa entidade auditora designada e permitirá o acceso a tanta documentación sexa necesaria para a realización da citada auditoría.

4. A emisión deste informe estará sometida a procedemento contraditorio coa Axencia EFE.

CAPÍTULO III**Control do cumprimento das obrigacións de servizo público****Artigo 8. Comisión de Control e Seguimento do cumprimento do servizo público de noticias de titularidade estatal.**

1. En cumprimento do previsto no número 3 da disposición adicional quincuaxésimo terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, para controlar o cumprimento das obrigacións de servizo público establecidas no presente real decreto constituirase unha comisión de control e seguimento que se rexerá, en todo o non previsto neste real decreto, polo establecido nos artigos 19 a 22 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como polas normas que poidan completar a súa organización e funcionamento.

2. Esta Comisión de Control e Seguimento terá as funcións que a continuación se enumeran:

a) Avaliar o cumprimento das obrigacións de servizo público e dos obxectivos establecidos no marco de prestación a que se refire o artigo 6, e fixar as directrices para iso.

b) Propor medidas para a corrección de desviacións apreciadas no cumprimento das obrigacións e obxectivos a que se refire a letra a).

c) Propor modificacións das obrigacións de servizo público impostas á Axencia EFE para aumentar a eficiencia dos servizos prestados en execución das ditas obrigacións, sempre que non supoñan incremento nas compensacións económicas totais que correspondan.

d) Remitir as eventuais propostas de compensación en caso de circunstancias sobrevidas que fagan necesaria a revisión da compensación, ao abeiro do previsto no artigo 6.2.

e) Aprobar a liquidación definitiva da compensación que se aboará á Axencia EFE no exercicio correspondente.

f) Aprobar o manual de contabilidade analítica que deberá incluír os criterios de imputación de ingresos e gastos que servirán de base para o cálculo da compensación, logo do informe da Intervención Xeral da Administración do Estado.

g) Resolver as controversias que poidan xurdir respecto da determinación da compensación económica pola execución das obrigacións de servizo público.

h) Informar a persoa titular do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade para que esta traslade ao Consello de Ministros a documentación necesaria en cumprimento do disposto no número 4 da disposición adicional quincuaxésimo terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

i) Designar a entidade auditora prevista na disposición adicional quincuaxésimo terceira.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, entre firmas de recoñecido prestixio e logo do procedemento de selección sometido ás normas de contratación pública.

3. Esta Comisión de Control e Seguimento estará integrada:

a) Polo presidente, que será a persoa titular da Secretaría de Estado de Comunicación.

b) Por catro vogais nomeados polo presidente e designados da seguinte maneira:

Dous en representación do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade e da Secretaría de Estado de Comunicación.

Dous en representación do Ministerio de Facenda.

c) Polo secretario, que poderá participar con voz pero sen voto nas reunións, será designado polo presidente da Comisión entre funcionarios de carreira do subgrupo A1, da Secretaría de Estado de Comunicación ou do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade.

d) Un representante da Intervención Xeral da Administración do Estado poderá asistir con voz pero sen voto, se é convocado polo presidente da Comisión.

e) Poderán ser convocados ás reunións representantes da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) e da Axencia EFE, que asistirán con voz e sen voto.

4. Poderanse crear grupos de traballo no seo da Comisión de Control e Seguimento para o estudo das cuestións que posteriormente se analizarán nas reunións da dita comisión, e que terán o apoio de persoal e medios por parte dos órganos representados nela.

5. A Comisión de Control e Seguimento reunirse cando o convoque a seu presidente, ben por iniciativa propia ben por petición da metade dos seus membros con dereito de voto; será obrigatorio celebrar sesión ordinaria ao menos unha vez ao ano, con ocasión da aprobación da liquidación definitiva do exercicio anterior.

6. En caso de que un vogal da comisión non poida asistir á reunión, designará un suplente ou delegará o seu voto noutro membro da comisión. Esta suplencia ou delegación deberá ser comunicada ao secretario da comisión antes da celebración da reunión, e autorizada polo presidente.

7. Os acordos da Comisión de Control e Seguimento adoptaranse por maioría simple dos membros presentes con dereito de voto e, para que sexan válidos, será necesario que concorran, presentes ou representados, o presidente e o secretario, e a metade, polo menos, dos seus membros con dereito de voto.

8. Sen prexuízo do previsto no artigo 5.1, a Axencia EFE remitirá á Comisión de Control e Seguimento toda a información que esta lle requira, relacionada co cumprimento das obrigacións de servizo público e que sexa necesaria para o exercicio das funcións conferidas no artigo 8.2.

Disposición adicional primeira. *Remisión de información ás Cortes Xerais.*

Con obxecto de dar cumprimento ao disposto no número 4 da disposición adicional quincuaxésimo terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, o Goberno, por proposta da persoa titular do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, remitirá ás Cortes Xerais, no prazo de dous anos contados desde a entrada en vigor deste real decreto, un informe sobre a aplicación do previsto nel.

Disposición adicional segunda. *Conduta comercial.*

A Axencia EFE prestará aos seus abonados o servizo público de noticias de titularidade estatal en condicións de mercado.

Disposición adicional terceira. *Compensación correspondente a 2018 e operacións de peche de exercicio.*

1. No exercicio 2018, á conta da liquidación definitiva en compensación polo cumprimento das obrigacións de servizo público previstas neste real decreto que puidesen efectuarse durante o citado exercicio, transferiranse á Axencia EFE 12.000 miles de euros dos previstos na disposición adicional 153ª da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018, con cargo á aplicación orzamentaria 25.01.921Q.227.07, sen prexuízo de que a liquidación correspondente ao devandito exercicio se efectúe en función do montante total consignado na dita disposición adicional.

2. O recoñecemento da obrigación e a proposta do pagamento de tales cantidades quedarán exceptuados dos prazos previstos na Orde HAC/1167/2018, do 7 de novembro, pola que se regulan as operacións de peche do exercicio 2018 relativas ao orzamento de gastos e operacións non orzamentarias.

Disposición adicional cuarta. *Primeiro marco de prestación do servizo público.*

O primeiro marco de prestación do servizo público comprenderá os exercicios 2019 e 2020, e manterá, en todo caso, a súa vixencia até a adopción do marco correspondente ao seguinte período. Tamén fixará a contía límite da compensación correspondente a 2018.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións incluídas en normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13ª e 18ª da Constitución española, que atribúe ao Estado, respectivamente, a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Habilítanse as persoas titulares dos ministerios da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade e de Facenda, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditaren as disposicións e adoptaren as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», ben que será aplicable ao exercicio orzamentario de 2018 computado desde o 1 de xaneiro de 2018.

Dado en Madrid o 21 de decembro de 2018.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade,
CARMEN CALVO POYATO

ANEXO

1. *Obxecto*

O presente anexo regula a metodoloxía para determinar a compensación polas obrigacións de servizo público impostas á Axencia EFE e establece os parámetros para o cómputo do custo evitado neto, así como para a determinación do beneficio razoable e o axuste por incentivos de eficiencia.

2. *Custo evitado neto*

O custo evitado neto constitúe a diferenza entre o custo neto da Axencia EFE, S.A. ao operar con obrigacións de servizo público e o custo neto baixo a hipótese de contraste de operar sen as ditas obrigacións. Determinábase pola diferenza entre os custos evitados correspondentes ás actividades que se interromperían e os ingresos evitados que deixaría de obter o prestador designado, por aplicación da hipótese de contraste. Os custos e ingresos adicionais dos números 3.1.f) e 5 deste anexo, establecidos por aplicación da hipótese de contraste, minoran e incrementan, respectivamente, o custo evitado neto. O cómputo do custo neto inclúe o conxunto de ingresos e gastos de explotación, de conformidade co disposto no Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade, e determinarase aplicando o sistema de contabilidade analítica aprobado para cada marco pola Comisión de Control e Seguimento.

3. *Determinación dos custos evitados*

3.1 A determinación dos custos evitados realízase aplicando a seguinte hipótese de contraste ás actividades que se relacionan a continuación:

a) Rede internacional da Axencia EFE: a hipótese de contraste establece o cadro de persoal total das delegacións desta Rede en 22 efectivos, mantendo a presenza nos principais puntos informativos do exterior, en especial, na Comunidade Iberoamericana, e suprimindo a rede de colaboradores. Os custos evitados das delegacións calcúlanse multiplicando os custos totais por un factor igual á unidade minorada polo cociente entre 22 efectivos e o número de efectivos do cadro de persoal medio anual total. Os custos evitados da rede de colaboradores ascenden aos seus custos totais e súmanse aos correspondentes ás delegacións para determinar os custos evitados da rede internacional.

b) Rede nacional da Axencia EFE: na hipótese de contraste mantense o conxunto de delegacións e interrómpese unha parte das actividades das subdelegacións, das oficinas permanentes e da rede de colaboradores que é equivalente ao 11 % da actividade total da rede nacional. En consecuencia, os custos evitados da Rede nacional ascenden ao 11 % dos seus custos totais.

c) Áreas de produción do servizo internacional da sede central de Axencia EFE: na hipótese de contraste minóranse os custos destas áreas na mesma proporción que os custos da rede internacional. Os custos evitados destas áreas ascenden ao conxunto dos seus custos multiplicados polo cociente entre os custos evitados e os custos totais da rede internacional, de conformidade co método aplicado en virtude da letra a) deste número.

d) Áreas de produción mixta da sede central de Axencia EFE, dedicadas tanto ao servizo nacional como ao servizo internacional: na hipótese de contraste os custos atribuíbles aos servizos internacionais destas áreas determínanse en función da mesma proporción que representan os custos da rede internacional respecto aos custos totais das redes nacional e internacional. Os custos evitados destas áreas establécense multiplicando os custos así asignados ao servizo internacional destas áreas polo cociente entre os custos evitados e os custos totais da rede internacional, de conformidade co método aplicado en virtude da letra a) deste número.

e) Áreas de apoio elásticas da sede central de Axencia EFE, que realizan actividades distintas da produción e que se ven alteradas ao operar con obrigacións de servizo público:

a hipótese de contraste interrompe as actividades de apoio destas áreas ao servizo internacional, na mesma proporción que a aplicada á rede internacional. Os custos evitados destas áreas de apoio calcúlanse aplicando aos seus custos totais o mesmo método de cálculo que o establecido na letra d) deste número.

f) Subscrición a servizos informativos doutra axencia internacional de noticias: a hipótese de contraste prevé a subscrición aos servizos dunha única axencia internacional de cobertura informativa global e a interrupción de todos os acordos existentes con outras axencias de cobertura informativa internacional. Así mesmo, prevé a tradución para o español dun volume representativo de noticias obtidas a través da dita subscrición. Os custos adicionais estimados desta subscrición e das tarefas de tradución, segundo tarifas de mercado, establécense en 2,2 millóns de euros no ano de entrada en vigor deste real decreto. O citado montante actualízase anualmente aplicando criterios razoables baseados en tarifas de mercado. Os custos evitados netos desta epígrafe 3.1.f ascenden á diferenza entre os custos dos acordos existentes interrompidos e os custos adicionais estimados da referida subscrición única e de tradución.

3.2 Os custos comúns da sede central aplícanse ás áreas de produción e de apoio da sede central a que se refiren as letras c), d) e e) do número 3.1, segundo os criterios establecidos na contabilidade analítica da Axencia EFE. Non obstante, aqueles custos comúns que non se poidan asignar en virtude de tales criterios distribuiranse entre as ditas áreas en función da proporción relativa dos seus respectivos custos.

4. *Determinación dos ingresos evitados*

A determinación dos ingresos evitados realízase aplicando a seguinte hipótese de contraste ás actividades que se relacionan a continuación:

a) Ventas de servizos no mercado de Hispanoamérica: na hipótese de contraste mantense un nivel de 47 % de vendas ao devandito mercado, dada a importancia outorgada por este á información sobre España e á información internacional en lingua española subministrada pola Axencia EFE, S.A., baixo a dita hipótese. En consecuencia, os ingresos evitados ascenden a un 53 % do total de vendas de servizos no devandito mercado.

b) Ventas de servizos no estranxeiro, coa excepción de Hispanoamérica: na hipótese de contraste redúcese nun 90 % as vendas de servizos neste mercado, e os ingresos evitados ascenden á devandita porcentaxe das vendas de servizos nel.

c) Para a determinación dos ingresos evitados a que se refiren as letras a) e b), antes de aplicar as correspondentes porcentaxes de ingreso evitado sobre as vendas, estas axustaranse no importe das deterioracións das contas a cobrar aos clientes dos respectivos mercados.

d) Outros ingresos, distintos das vendas, no estranxeiro: na hipótese de contraste considérase que non se poderían manter debido á redución da rede internacional, polo que o ingreso evitado ascende ao 100 % destes.

5. *Ingresos adicionais pola prestación de servizos informativos á Administración xeral do Estado*

5.1 A hipótese de contraste inclúe o montante correspondente á prestación obrigatoria do servizo público de noticias á Administración xeral do Estado, ao constituír unha contraprestación facturada pola Axencia EFE en ausencia de obrigacións de servizo público.

5.2 O devandito montante calcúlase en función das tarifas establecidas pola Axencia EFE para os servizos informativos incluídos no devandito servizo e o número de puntos de acceso a eles, aplicando un desconto que debe ascender, polo menos, ao que a Axencia EFE aplique en cada exercicio aos seus principais clientes por volume de facturación.

5.3 O montante do devandito ingreso adicional, por aplicación da hipótese de contraste, determínase no marco de prestación do servizo de noticias de titularidade estatal encomendado a Axencia EFE, segundo os criterios establecidos neste número, e incrementa o custo evitado neto, de conformidade co establecido no número 2 deste anexo.

6. *Beneficio razoable*

O cálculo do beneficio razoable realizarase conforme os criterios que se establezan nos sucesivos marcos de prestación do servizo de noticias de titularidade estatal.

7. *Axuste por incentivos de eficiencia*

No cómputo da compensación incluírase un axuste por incentivos de eficiencia, que poderá ser positivo ou negativo e que, en ningún caso, poderá superar o importe equivalente ao 1 % do custo neto evitado. Os criterios de eficiencia, así como a fórmula de cálculo do axuste con base no seu cumprimento, determinaranse no marco de prestación do servizo de noticias de titularidade estatal encomendado á Axencia EFE.